



BASES CAMPIONATO "ARCADE JAM" SOUTOMAIOR 2019

O obxectivo é contribuír ao desenvolvemento e evolución destas modalidades deportivas urbanas no Concello de Soutomaior. Ofrecer unha alternativa de lecer á mocidade que se complete cunha oferta variada que se adapte a todos os intereses xuvenís.

QUEN PODE PARTICIPAR?

A partir de 6 anos (*ver categorías).
A inscrición será de balde e as prazas limitadas.
Os/as menores de idade que participen deberán presentar unha autorización da nais/pai/titor-a legal para a participación e asistencia á competición.

LUGAR E DATA DO CAMPIONATO

Pista de Skate, Peirao de Arcade
Sábado 19 de outubro de 2019

TIPO DE PROBA:

Formato "vella escola". Puntuaranse os mellores trucos realizados por cada participante, valorase a dificultade dos mesmos e estilo.

- 2 rondas por participante dun minuto cada unha sen pausa. Contará a mellor delas e se o tempo o permite farase un "best trick", mellor truco.

HORARIO:

14.30 a 16.15 h Confirmación da inscrición e quecemento previo.

16.30 a 20,30 h Campionato

20,45 a 21.00 h Entrega de premios e sorteo de vales "Cromoly"

21.00 h Exhibición de danzas urbanas a cargo do grupo " Galirokers

INSCRICIÓN. Como inscribirme?

A través do formulario en LIÑA ata media hora antes do inicio da actividade, si hai prazas vacantes.

As prazas son limitadas (50 prazas que se cubrirán por orde de inscrición).

Todas as persoas que desexen participar deberán cubrir o formulario de **INSCRICIÓN EN LIÑA** dispoñible en: <http://www.gabinetesoutomaior.com/index.php/inscripcion-s-menu/inscripciones-en-lina>

PERO, IMPORTANTE

- O mesmo día da competición no posto de organización **todos os/as participantes presentarán o seu DNI para confirmar a súa solicitude;**
- e, no caso de ser **menor de idade, ademais entregarán ou presentarán, o mesmo día do campionato, o DNI da persoa responsable que asina a autorización** da nai/pai/titor-a legal que se cobre na mesma ficha de inscrición.

CATEGORÍAS E PREMIOS

Premios sección SUB13

(MENOR OU IGUAL A 13 ANOS)

MODALIDADE BMX SUB13

CATEGORÍA FEMININA

Premio mellor truco Vale por importe de 20€
Premio mellor ronda Vale por importe de 20€

CATEGORÍA MASCULINA

Premio mellor truco Vale por importe de 20€
Premio mellor ronda Vale por importe de 20€

MODALIDADE SCOOTER SUB13

CATEGORÍA FEMININA

Premio mellor truco Vale por importe de 20€
Premio mellor ronda Vale por importe de 20€

CATEGORÍA MASCULINA

Premio mellor truco Vale por importe de 20€
Premio 1,2,3, Vale por importe de 10€,15€,20€

Premios sección MASTER

MODALIDADE BMX MASTER

CATEGORÍA FEMININA

Premio mellor truco Vale por importe de 30 €
Premio 1,2,3, Vale por importe de 10€,20€,30€

CATEGORÍA MASCULINA

Premio mellor truco Vale por importe de 30 €
Premio 1,2,3 Vale por importe de 10€,20€,30€

MODALIDADE SCOOTER MASTER

CATEGORÍA FEMININA

Premio mellor truco Vale por importe de 30 €
Premio 1,2,3, Vale por importe de 10€,20€,30€

CATEGORÍA MASCULINA

Premio mellor truco Vale por importe de 30 €
Premio 1,2,3, Vale por importe de 10€,20€,30 €

Premios sección PRO

(TANTO FEMENINA COMO MASCULINA)

MODALIDADE BMX PRO

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio 1,2,3 Vale por importe de 20€,30€,40 €

MODALIDADE SCOOTER PRO

Premio mellor truco Vale por importe de 40 €
Premio 1,2,3, Vale por importe de 20€,30€,40 €

Ademais dos premios haberá un sorteo de dous vales para mercar material “ Productos Cromoly” para todas as persoas que participen no campionato.

XURADO

Estará composto por xuíces que valorarán os seguintes parámetros:

- A utilización da pista.
- Risco dos trucos.
- Altura dos trucos.
- Limpeza na caída.
- Salto con rampla.
- Orixinalidade.
- Fluidez de movementos.
- Tocar todos os módulos.

As persoas gañadoras serán as que teñan a puntuación máis alta, dentro dos puntos dos ítem anteriores.

OBSERVACIÓNS IMPORTANTES

- A persoas menores de idade que non entreguen copia ou non amosen DNI de persoa que autoriza, non poderá competir.

Todos as persoas participantes:

- Deberán levar **OBRIGATORIAMENTE CASCO** durante a competición.
- Deberán presentarse **obligatoriamente o día da proba co seu documento Nacional de Identidade, NIE ou Pasaporte. No caso de menores tamén os dos titores/as legais que autorizan.**
- A participación nesta competición supón a plena aceptación das presentes bases.
- As actuacións poderán ser gravadas e/ou fotografadas.
- A organización resérvase o dereito de cambio de data, aprazamento ou cancelación no caso de malas condicións meteorolóxicas ou imposibilidade de realizar a proba por causa xustificada.